

**BASES QUE DEBEN REXER A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO
CAMPAMENTO URBANO ACOMPAÑÁMOSTE DO PROGRAMA
CORRESPONSABLES 2026 DE SALCEDA DE CASELAS**

Primeira.- Obxecto

Os concellos de Salvaterra de Miño e de Salceda de Caselas presentan esta actuación con cargo ao Plan Corresponsables no ámbito local (SI436A), con accións destinadas ao coidado en familias, realizadas en espazos públicos dos menores de ata 16 anos inclusive e con carácter prioritario á atención de familias con especial vulnerabilidade.

O obxectivo principal destas actividades é favorecer o desenvolvemento integral dos e das menores participantes a través da coeducación en igualdade. Para isto desenvolveranse experiencias recreativas que favorezan a aprendizaxe, a socialización e o respecto nas relacións sas e en igualdade, eliminando os roles de xénero preestablecidos e fomentando as novas masculinidades.

Segunda.- Servizo

O campamento ACOMPAÑÁMOSTE: CONCILIACIÓN CON CORAZÓN 2026 presentarse nas seguintes instalacións e períodos:

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

SEMANA DA CIENCIA

Lugar: centro social A Devesa (realizarán actividades en diferentes instalacións municipais).

Datas: do 1 ao 15 de xullo

Horarios: de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, días laborables. Acolleranse as/os menores no servizo ata as 9.30 h, salvo causa xustificada.

Número de prazas: o número de prazas dependerá das necesidades especiais dos e das menores seleccionados/as e dos rateos legais establecidos por monitor ou monitora.

Descricións das actividades: as diferentes accións para realizar non só permitirán que os nenos e as nenas coñezan a ciencia dun xeito divertido e práctico, senón que tamén os/as axudará a desenvolver habilidades de observación, análise e traballo en equipo. Durante este campamento faranse actividades de ocio nas que as protagonistas serán mulleres científicas, proporcionando referentes femininos neste eido.

Idades: de 3 a 12 anos

APRENDEMOS NO VERÁN



Lugar: centro social A Devesa (realizarán actividades en diferentes instalacións municipais).

Datas: do 16 ao 31 de xullo. Agás o 20 de xullo por festivo local

Horarios: de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, días laborables. Acolleranse as/os menores no servizo ata as 9.30 h, salvo causa xustificada.

Número de prazas: o número de prazas dependerá das necesidades especiais dos/das menores seleccionados/as e dos rateos legais establecidos por monitor ou monitora.

Descricións das actividades: obradoiros educativos nos que compartan os seus coñecementos de forma interactiva e divertida con actividades lúdicas que favorezan a aprendizaxe de temas de interese xeral, historia, ciencia e cultura.

Idades: de 3 a 12 anos

COÑECENDO A NOSA CONTORNA

Lugar: centro social A Devesa (realizarán actividades en diferentes instalacións municipais).

Datas: do 1 ao 14 de agosto

Horarios: de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, días laborables. Acolleranse as/os menores no servizo ata as 9.30 h, salvo causa xustificada.

Número de prazas: o número de prazas dependerá das necesidades especiais dos/das menores seleccionados/as e dos rateos legais establecidos por monitor ou monitora.

Descrición da actividade: visitas a zonas naturais, observación de flora e fauna e actividades de educación ambiental e de sensibilización con xogos e dinámicas que abordan temas como a reciclaxe, o cambio climático e a sustentabilidade. Promoverase un estilo de vida responsable tendo presente o papel da muller no medio ambiente, nos diferentes ámbitos e culturas do mundo.

Idades: de 3 a 12 anos

MULTIDEPORTE E VIDA ACTIVA

Lugar: centro social A Devesa (realizarán actividades en diferentes instalacións municipais).

Datas: do 17 ao 31 de agosto

Horarios: de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres, días laborables. Acolleranse as/os menores no servizo ata as 9.30 h, salvo causa xustificada.

Número de prazas: o número de prazas dependerá das necesidades especiais dos/das menores seleccionados/as e dos rateos legais establecidos por monitor ou monitora.



Descrición da actividade: a través de obradoiros de deportes que fomentan a actividade física e a cooperación e competicións amigables nas que poidan participar en equipos, fomentando a deportividade e o compañeirismo para romper cos roles de xénero preestablecidos no mundo do deporte. Fomentaranse tamén os deportes minoritarios e os referentes femininos neste eido.

Idades: de 3 a 12 anos

Terceira.- Requisitos de acceso ao servizo

Serán beneficiarias a infancia e a xuventude pertencentes a Salceda de Caselas.

Os servizos diríxense, con carácter prioritario, á infancia e á xuventude que estean en situación de vulnerabilidade social:

- Menores derivados/as do programa de atención á infancia dos servizos sociais comunitarios e dos servizos de orientación dos centros educativos.
- Menores de familias monoparentais
- Inmigrantes ou emigrantes retornados/as
- Menores con disforia de xénero
- Familias con responsabilidades de coidados non compartidas
- Menores fillos e fillas de vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia á muller
- Menores de familias onde as mulleres estean en situación de desemprego de longa duración, mulleres maiores de 45 anos, ou en unidades familiares onde xa existan outras cargas de coidados.
- Familias con menores en situación de tutela ou garda.

Cuarta.- Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse a través do Rexistro municipal do Concello de Salceda de Caselas ou a través da súa Sede electrónica achegando o formulario de solicitude debidamente cuberto e o resto da documentación precisa.

O modelo de solicitude de admisión poderá obterse no Rexistro municipal ou na web do Concello de Salceda de Caselas.

O prazo de presentación de solicitudes será do día 9 ao 15 de xuño.

Os modelos de solicitude que non estean debidamente cubertos poderán ser excluídos do proceso de selección de persoas participantes.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.

Quinta.- Documentación

En función das distintas situacións dos/das compoñentes da unidade familiar, e para os efectos de acreditación da situación familiar, laboral e económica imprescindible para o establecemento da baremación, será precisa a seguinte documentación:



- a) Modelo de solicitude de admisión. ACOMPAÑÁMOSTE: CONCILIACIÓN CON CORAZÓN
- b) DNI do/da menor
- c) DNI da persoa responsable legal
- d) Documentación que acredite ser familia monoparental.
- e) Documentación que acredite ser demandante de emprego.
- f) Documentación que acredite ser parado/a de longa duración.
- g) Documentación que acredite ser vítima de violencia de xénero (sentenza condenatoria, resolución xudicial, medidas cautelares, orde de protección, informe de fiscalía etc.).
- h) Documentación que acredite que o/a menor é vítima de violencia vicaria (sentenza condenatoria, resolución xudicial, medidas cautelares, orde de protección, informe de fiscalía etc.).
- i) Familia que acredite ter menores en situación de tutela ou garda.
- j) Documentación que acredite que o/a menor inscrito/a ten disforia de xénero.
- k) Documentación que acredite ser persoa migrante ou emigrante retornada.
- l) Calquera outra documentación que se considere necesaria para acreditar o cumprimento dos criterios de preferencia.

O Concello de Salceda de Caselas poderá requirir os documentos acreditativos de todas aquelas situacións susceptibles de valoración, e que non poidan ser consultadas pola Administración actuante.

Sexta.- Valoración e adxudicación de prazas

No suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas ofertadas, teranse en conta para a súa adxudicación os seguintes criterios:

- Terán prioridade máxima as e os menores derivados do Programa de atención á infancia dos servizos sociais comunitarios e dos servizos de orientación dos centros educativos.
- Terán prioridade secundaria os/as menores que proveñan de familias coas características mencionadas anteriormente como prioritarias. Cantos máis indicadores de risco acrediten, maior será a súa prioridade.

Unha vez adxudicadas as prazas a familias en situación de vulnerabilidade adxudicaranse o resto de prazas por orde de rexistro.

Publicación de prazas concedidas: a listaxe de persoas admitidas en cada quenda publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web e nas redes sociais deste.

Sétima.- Baixas

Serán causas de baixa:

- A baixa voluntaria da familia no servizo



- A non incorporación xustificada ao servizo
- Non notificar no modelo de solicitude de admisión se o/a menor ten algunha alerxia, intolerancia, enfermidade, discapacidade ou característica que os/as profesionais deban coñecer para garantir a súa seguridade e benestar.
- A comprobación de falsidade na documentación achegada
- A non asistencia sen causa xustificada en máis de dúas ocasións
- O incumprimento nos horarios de recollida das/dos menores. A recollida só poderá realizarse pola nai, pai, titora/titor legal ou a persoa previamente autorizada no modelo de solicitude de admisión presentado no Rexistro.
- O incumprimento reiterado de normas de convivencia do/da menor ou das familias que dificulten e poñan en risco o bo desenvolvemento da actividade de ocio.

Oitava.- Custo do servizo

O servizo será de carácter gratuíto.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE.

